

AVISO

CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE NOGUEIRA (MEIS, PONTEVEDRA)

MODIFICACIÓN DAS BASES DEFINITIVAS POR INCLUSIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS Enquisa previa

Comunícaselles a todas as persoas interesadas, que unha vez finalizados os traballos de investigación da propiedade para a inclusión das parcelas dos núcleos rurais e algunhas parcelas rústicas, expóñense os resultados para que poidan realizar **por escrito e rexistradas** as alegacións que consideren ata o **31/7/2024**.

Os planos de situación das parcelas, os poden consultar na páxina web da Consellería do Medio Rural ou no Centro Multiusos do Concello de Meis na praza de España no Mosteiro (Meis. Pontevedra).

Todas as persoas afectadas deberán localizar as súas parcelas nos planos indicados e comprobar se se representan de maneira correcta: forma, edificacións, muros, peches, pozos, pozas, canles de rego, camiños, serventías, servidumes, paraxes, etc.

Ademais este servizo enviará por correo ás persoas que constan nos seus arquivos como propietarios e as persoas que fixeron a declaración de propiedade ata o 12/12/2023 o boletín de parcelas. Se o reciben, deberán revisar os seus datos persoais e os das parcelas: titularidade, superficie, clases, natureza do ben, situación rexistral, cargas... As persoas interesadas que carezan de boletín deberán de consultar os datos das parcelas no "Listado de parcelas" exposto na páxina web.

Coas alegacións deberán presentar a documentación que as avale e no caso de alegacións de superficie e/ou elementos deberán presentar, polo menos, un esbozo da parcela onde reflectirán as súas medidas e/ou a situación dos elementos.

As alegacións e/ou modificación datos poden presentalas no Rexistro da Xunta de Galicia ou por calquera dos medios previstos na normativa vixente dirixidas a este Servizo ou a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia utilizando o modelo xenérico PR004A e dirixilo a *Xefatura (Dirección) Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra* (facer referencia no asunto de que se trata da concentración parcelaria de NOGUEIRA).

Para aclarar calquera dúbida, ou se necesitan algunha información, poden contactar coa empresa colaboradora Lagares Oca, de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, no teléfono 986 44 30 81 ou no correo electrónico parcelaria@lagaresoca.com.

Esta empresa atenderá presencialmente no Centro Multiusos de Mosteiro os días 3, 5, 10, 17 e 24 de xuño, de 9:30-14 horas e de 15:30- 19:00 horas.

Páxina web da Consellería do Medio Rural:

[https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/
concentrations-parcelarias-procesos](https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentrations-parcelarias-procesos)

Nota: en Concentracións parcelarias-procesos,
pestaña Buscador, Publicacións

Centro Multiusos do Concello de Meis.
Praza de España, 18. O Mosteiro. Meis
(Campo da Feira)



Canle informativo de Whatsapp

[https://whatsapp.com/channel/
0029VaZkWz0DJ6H9ABrkil3B](https://whatsapp.com/channel/0029VaZkWz0DJ6H9ABrkil3B)

